

IX CIRCUÍTO GALEGO AUGAS ABERTAS

TRAVESÍAS A NADO 2012.

Tempada 2011 - 2012. Circular 11-21.

1.- CONDICIÓN E PARTICIPACIÓN.

1.1.- O IX Circuito Galego de Augas Abertas rexérase pola Normativa FINA de Augas Abertas, pola Normativa de Competición de Augas Abertas da Federación Española de Natación e polo presente regulamento particular.

1.2.- Poderán participar todos os deportistas con licenza federativa en vigor na presente tempada en calquera das disciplinas que integran a Federación Galega de Natación (FEGAN).

2.- ORGANIZACIÓN.

2.1.- As travesías terán como entidade ou entidades organizadoras o clube, agrupación ou institución que sexan responsables da preparación, organización e formulación do regulamento de cada proba.

2.2.- As entidades organizadoras serán as encargadas de xestionar os permisos necesarios diante das autoridades competentes para o seu correcto desenvolvemento (concellos, autoridade portuaria, confederación hidrográfica, capitanía marítima, etc.). Estes permisos son imprescindibles para poder levar a cabo a travesía.

2.3.- Ademais, serán as encargadas de velar pola seguridade dos nadadores participantes contando cos medios e/ou apoios axeitados a tal fin. Tamén deberán facilitar unha embarcación para que os xuíces poidan controlar o percorrido da proba, así como as que sexan necesarias para o control de paso de boias que teña o percorrido.

3.- INSCRIPCIÓN DE TRAVESÍAS - CALENDARIO.

3.1.- Para se inscribir, as entidades organizadoras das travesías interesadas na súa inclusión deberán comunicalo por escrito á FEGAN antes do 30 de xuño, e abonar unha taxa de 450 euros que inclúe os gastos de arbitraje, e edición de resultados.

3.1.a.- Acompañando a esta solicitude deberán remitir o seu regulamento, no que debe figurar expresamente: a data e hora de realización, as categorías, o esquema do percorrido, as distancias a percorrer, os premios, o enderezo e teléfono de contacto e outra información relevante da travesía.

3.1.b.- Asemade acompañarán un compromiso formal de cumprimento da Normativa vixente de Augas Abertas, incluíndo as Normas FINA sobre traxes de baño aprobadas o 16 de xaneiro de 2010 (A partires do 1 de xuño do 2010, o traxe de baño para augas abertas, tanto para homes como para mulleres, non cubrirá o colo, nin se estenderá máis alá dos ombros, nin por debaixo do nocello. Todos os traxes de baño para Augas Abertas axustaranse aos criterios FINA para Materiais e Procedementos de Aprobación (segundo a lista actualizada a data 1 de xuño de 2010).

http://www.fina.org/H2O/index.php?option=com_content&view=article&id=917&Itemid=461

Para as travesías de máis de 5 Km, e en función da temperatura da auga, a organización poderá autorizar a utilización de neopreno.

3.2.- O lugar de celebración da travesía deberá ser en "augas abertas", entendendo como tales os seguintes emprazamentos: praias, portos, ríos, lagos ou calquera outro que non teña a consideración de recinto pechado.

3.3.- A data de celebración da proba non poderá ser posterior ao 1 de outubro.

3.4.- A FEGAN elaborará un calendario oficial de travesías (as inscritas no Circuito) segundo as solicitudes recibidas e evitando a coincidencia temporal de dúas ou máis travesías, para así favorecer a participación de todos os interesados.

3.5.- Non poderá haber coincidencia horaria entre as travesías incluídas, a efectos de poder participar en todas as travesías do circuito. No caso de que a coincidencia sexa no mesmo día, a hora distinta, a distancia entre sedes deberá permitir a realización do traxecto dos participantes.

3.6.- Este Calendario será publicitado nas canles habituais empregadas pola FEGAN así como por outros

medios habituais específicos que se consideren relevantes.

3.7.- Os Clubes deberán enviar á FEGAN (por correo electrónico) unha listaxe cos nadadores que desexan participar no circuíto, indicando o seu número de licenza, nome e apelidos.

4.- Puntuación.

4.1.- Para poder puntuar no Circuíto (tanto en categoría masculina como feminina), o nadador deberá ter licenza federativa en vigor por algún Clube Galego.

4.2.- A clasificación será ABSOLUTA, habendo dúas categorías: unha masculina e outra feminina.

4.3.- En cada travesía puntuarán os dez primeiros clasificados, variando a puntuación do seguinte xeito en función da distancia da travesía:

- De 2.500 a 4.999 metros: 26-20-16-14-12-10-8-6-4-2
- Máis de 5.000 metros: 39-30-24-21-18-15-12-9-6-3

4.4.- Os nadadores que non participen nun número mínimo de probas (en función do total de probas incluídas no circuíto), non puntuarán na clasificación final.

5.- Clasificación.

5.1.- En cada categoría, proclamarase campión/a do VIII Circuíto Galego de Augas Abertas a aquel nadador que obteña o maior número de puntos. Para o cómputo do total de puntos, teranse en conta as X (dependerá do total de probas) mellores puntuacións acadadas.

5.2.- En caso de empate final a puntos, primarán (por orde) as seguintes circunstancias:

- Quen participase nun maior número de travesías
- Quen participase en máis travesías de máis de 5.000 metros
- Quen obtivese máis primeiros postos, segundos, terceiros e así sucesivamente ata resolver o empate.

6.- Premios.

6.1.- A FEGAN fará entrega dun trofeo ao primeiro clasificado en cada categoría, polo que haberá un campión (categoría masculina) e unha campioa do Circuíto (categoría feminina), así como un premio en metálico e en material deportivo:

- 300 euros e material deportivo para o primeiro/a clasificado/a
- 150 euros e material deportivo para o segundo/a clasificado/a
- 75 euros e material deportivo para o terceiro/a clasificado/a

6.2.- Este premio é independente (e complementario) dos que as respectivas organizacións das travesías establezan no seus regulamentos.

7.- Xurado.

7.1.- O xurado da proba estará nomeado polo Comité Galego de Árbitros da FEGAN.

7.2.- A súa composición corresponderá co regulamentariamente establecido pola FEGAN ou, no seu defecto, pola vogalía de Augas abertas da Federación Española de Natación.

7.3.- É competencia do xurado a resolución de calquera cuestión ou recurso que apareza no desenvolvemento da proba.

7.4.- Todos os gastos do xurado están incluídos na taxa de inscrición.

7.5.- O/A xuíz arbitro da competición cubrirá unha ficha técnica da travesía segundo modelo oficial que lle proporcionará o Comité Galego de Árbitros. O orixinal desta deberá ser enviado á FEGAN.

8.- Resultados.

8.1.- A FEGAN enviará unha persoa encargada de recoller os resultados oficiais completos da travesía onde

figurarán todos os datos esenciais da proba e dos participantes.

8.2.- Estes resultados deberán contar co visto bo do xuíz árbitro da proba, que aparecerá reflectido na Ficha Técnica da Travesía (ANEXO).

A Coruña,
Secretaría Xeral FEGAN

CIRCUÍTO GALEGO DE AUGAS ABERTAS

FICHA TÉCNICA DA TRAVESÍA

PROBA:

DATA:

CONCELLO:

LUGAR:

TIPO DE AUGAS:

DISTANCIA PERCORRIDA (en metros):

ENTIDADE OU CLUBE ORGANIZADOR:

COMPOSICIÓN DO XURADO PRINCIPAL:

NUM. LICENZA

ÁRBITRO XEFE:

XUÍZ SAÍDAS:

ÁRBITRO/XUIZ:

ÁRBITRO/XUIZ:

OUTROS POSTOS DO XURADO:

INCIDENCIAS DA COMPETICIÓN:

CERTIFICO A VERACIDADE DOS DATOS QUE FIGURAN NESTES RESULTADOS:

_____ de _____ de 201__

Fdo.: ÁRBITRO XEFE

CIRCUÍTO GALEGO DE AUGAS ABERTAS

RESUMO DOS RESULTADOS DA COMPETICIÓN
(Para os efectos de puntuación no Circuito Galego de Augas Abertas)
CATEGORÍA ABSOLUTA

CATEGORÍA MASCULINA

Orde	Nadador	Num. Licenza
1º		
2º		
3º		
4º		
5º		
6º		
7º		
8º		
9º		
10º		

CATEGORÍA FEMININA

Orde	Nadadora	Num. Licenza
1º		
2º		
3º		
4º		
5º		
6º		
7º		
8º		
9º		
10º		